



XUNTA DE GALICIA



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, pon a disposición da mocidade galega os cadernos informativos Abracaxove. Neles recóllense, dunha maneira sinxela e condensada, as moitas medidas que a Xunta de Galicia e outras administracións e entidades galegas están a executar a prol da mocidade. Trátase de informarvos sobre unha serie de accións e recursos en distintos ámbitos, como a educación, o emprego, a vivenda, a creatividade, o lecer, a mobilidade..., de xeito que saibades os medios que existen, quen os xestiona e onde vos podeades dirixir en cada momento.

- 1 Non enredes
- 2 Educaxove
- 3 Emprégate
- 4 Mocidade Creativa
- 5 Vivenda Xove
- 6 Tí escolles
- 7 Xuventudésaúde
- 8 O teu tempo, o noso tempo
- 9 Xuventude en movemento
- 10 En clave de...

En **Educaxove** atoparedes información sobre aquelas axudas e bolsas encamiñadas a facilitar a formación, así como aqueles recursos existentes no ensino que permiten unha educación de calidade.



# AXUDAS

## Axudas de carácter especial (ámbito universitario)



Axudas da Secretaría Xeral de Universidades destinadas a aquel alumnado que ten dificultades económicas para continuar cos seus estudos por unha necesidade urxente debida a causas sobrevidas e/ou imprevistas. Anualmente fan uso

destas axudas aproximadamente 35 alumnos/as.

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Préstamos a estudantes universitarios/as

Líña de axudas da Secretaría Xeral de Universidades para estudiantado universitario, consistente no financiamento dos xuros de préstamos concedidos, da que se benefician aproximadamente 10 alumnos/as ao ano.

<http://www.edu.xunta.es>

## Axudas a asociacións de estudantes universitarios/as



A Secretaría Xeral de Universidades apoia o asociacionismo no ámbito universitario e potencia as súas actividades a través desta líña de axudas, da que se benefician arredor de 10 asociacións anualmente.

<http://www.edu.xunta.es>

## Axudas para asistencia a congresos



Axudas para a obtención de novos coñecementos e perfeccionamento da formación académica do alumnado universitario. No pasado ano foron 47 as persoas beneficiarias destas axudas outorgadas pola

Secretaría Xeral de Universidades.

<http://www.edu.xunta.es>

## Colaboradores-bolseiros en residencias dependentes da Consellería de Traballo e Benestar



Orde de axudas convocada anualmente pola Consellería de Traballo e Benestar pola que se ofertan 15 prazas de colaboradores/as bolseiros/as en residencias xuvenís dirixidas a estudantes de menos

de 30 anos, aos que se lles facilita aloxamento e mantenza gratuítos, realizando estes, pola súa vez, actividades de dinamización do centro onde residen.

<http://xuventude.xunta.es/regulamento-residencias.html>

## Prazas en residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar



Convocatoria anual de 225 prazas en residencias xuvenís durante o curso académico e en réxime de internado, co obxectivo de facilitarlle a realización de estudos ao estudiantado que teña ata 30 anos.

<http://xuventude.xunta.es/regulamento-residencias.html>

## Apertura dos centros escolares fora de horario lectivo



Programa que permite facilitar a conciliación da vida persoal e laboral a través dunha liña de subvencións para os concellos galegos. No pasado ano, 163 concellos e 700 familias beneficiáronse deste programa.

<http://www.edu.xunta.es>

## Axudas para actividades formativas de curta duración



Axudas para o desenvolvemento de actividades de formación académica de curta duración, desenvolvidas fóra da comunidade autónoma, destinadas ao alumnado universitario que curse os seus estudos oficiais nas universidades do SUG.

<http://www.edu.xunta.es>

## Bibliotecas escolares e clubs de lectura



Axudas para a renovación e actualización das bibliotecas escolares e o desenvolvemento de clubs de lectura nos centros públicos de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>



# FORMACIÓN NO ESTRANXEIRO

## Guía de prácticas e saídas laborais na UE e organizacións internacionais



Guía que lle permite aos/ás estudantes e aos/ás licenciados/as coñecer a oferta formativa na UE e outros organismos internacionais, así como encamiñar a súa carreira profesional.

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>

## Bolsas de formación en cooperación ao desenvolvemento



Convocatoria de 14 bolsas formativas dirixidas a persoas tituladas universitarias para participar en proxectos de cooperación para o desenvolvemento en países prioritarios da cooperación galega.

Información: [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org)

## Bolsas para estudos de especialización sobre UE



Programa de bolsas que facilita estadias de especialización no Collexio de Europa, Universidade Libre de Bruxelas (ULB), Universidade

Católica de Louvain-La Nueve (UCL) E Universidade Católica de Louvain (KUL) para aquel estudiantado universitarios que teñen o segundo ciclo rematado ou está no último ano de carreira.

Información: <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

## Axudas complementarias Erasmus



Axudas complementarias ás achegadas pola Unión Europea para facilitar a participación da mocidade no programa comunitario de mobilidade Erasmus e Suíza. Beneficianse destas axudas

ao redor de 1.300 persoas anualmente.

[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



## Axudas para prácticas non remuneradas nunha institución da UE



Dende a Fundación Galicia Europa convócanse seis bolsas de prácticas non remuneradas en institucións europeas para persoas tituladas universitarias co fin de profundaren no coñecemento de temas europeos.  
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

## Bolsas para prácticas na Fundación Galicia Europa en temas relacionados coa UE



Convocatoria de 15 bolsas de formación en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa para a especialización en temas da UE.

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>



## Bolseiros/as no exterior



O Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga) convoca 19 bolsas de formación en comercio exterior co fin de impulsar a creación de capital

humano especializado no ámbito da internacionalización, contribuíndo á proxección do tecido empresarial galego.

## Bolseiros/as de promoción exterior



Bolsas de formación para a realización de cursos de especialización en comercio exterior que se complementan cunha especialización práctica nos centros de promoción de negocios do IGAPE no exterior (CPN), nas oficinas económicas e comerciais de España no estranxeiro (Ofcomes) e noutros destinos concertados polo Igape, incrementando a empregabilidade das persoas beneficiarias e colaborando na internacionalización do tecido empresarial galego.

<http://www.igape.es/>

## Tour Europa de Coreógrafos



Formación continuada de coreógrafos dentro do Programa Leonardo da Vinci da Unión Europea, coa finalidade de responder ás necesidades dos/

as novos/as coreógrafos/as e facilitar o intercambio, a mobilidade e a confrontación das persoas participantes.

<http://www.agadic.info/>

## Bolsas destinadas á cidadanía galega residente no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de Formación Profesional en Galicia

Convocatoria de 26 bolsas para lle facilitar á mocidade galega do exterior a realización estudos nas universidades do SUG, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en centros e ensino, públicos ou privados concertados de Galicia, durante o curso académico.

<http://www.galiciaaberta.com/>

## Programa E-Twinning



Traballo en rede para a realización de proxectos de ensino mediante a colaboración entre o profesorado de diferentes países e co soporte das TIC. Cada ano participan neste programa preto de 200 persoas.

<http://www.edu.xunta.es>

# MASTER E FORMACIÓN PRÁCTICA

## Master de economía pesqueira



Formación náutico-pesquera que contribúe ao mellor coñecemento da situación, traxectoria e futuro da nosa pesca e do marisqueo co fin de establecer unhas pautas do bo facer no sector.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/>

## Bolsas para másters universitarios



Bolsas de especialización do estudantado na súa formación académica, profesional e investigadora. Cada ano beneficianse destas

bolsas medio cento de alumnos/as.

<http://www.edu.xunta.es>

## Axudas económicas para a formación en escolas náuticas



Apoio económico para a realización de estudos náuticos marítimo-pesqueiros e prácticas en empresas. Anualmente, beneficianse destas axudas arredor de 200 alumnos e

alumnas.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/benvida>

## Curso de técnico en acuarioloxía mariña litoral e tropical



Formación especializada teórico-práctica para licenciados/as, estudantes, técnicos/as, empresarios/as e investigadores no eido da acuarioloxía. Nestes cursos participan arredor de

20 persoas anualmente.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/>

## Convenios de colaboración con colexios profesionais



Accións de formación, dirixidas aos profesionais das TIC co fin de facilitar o acceso ao mercado laboral. Anualmente, ao redor de 8.400 persoas realizan algunha das accións formativas programadas dende a Secretaría

Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia).

<http://imit.xunta.es/portal/>

## Bolsas de formación da DX de Comercio



Convocatoria de cuatro bolsas de formación práctica da Dirección Xeral de Comercio dirixidas a estudantes con titulación de grao superior ou medio, co fin de complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos estudos para facilitar o acceso ao mercado laboral.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>



## Bolsas de colaboración en departamentos



A Secretaría Xeral de Universidades convoca 35 bolsas destinadas a persoas tituladas universitarias de excelencia académica, co fin de que se inicien en tarefas de docencia e investigación relacionadas cos seus estudos nos departamentos do SUG.

<http://www.edu.xunta.es>

## Bolsas de formación en prácticas nos centros de formación e experimentación agroforestal e en empresas relacionadas co sector agroforestal e a alimentación e en unidades da Consellería de Medio Rural



A Consellería de Medio Rural convoca 75 bolsas para complementar os coñecementos teóricos adquiridos nos estudos profesionais da familia agraria cunha formación práctica que facilita o acceso ao mundo laboral.

<http://mediorural.xunta.es/>

## Bolsas de estudos para estudantes de xornalismo



Convocatoria de 19 bolsas de formación da Secretaría Xeral de Medios, para estudantes de xornalismo e comunicación audiovisual, coa finalidade de

completar a súa formación teórica nos gabinetes de prensa institucional da Xunta de Galicia.

<http://medios.xunta.es/portada>

## Bolsas de formación en oficinas de información turística



A Consellería de Cultura e Turismo convoca 62 bolsas de formación especializada no ámbito da promoción turística mediante a realización de prácticas nas oficinas de informa-

ción turística co obxecto de facilitar o acceso ao mercado laboral e acadar unha maior cualificación dos recursos humanos no sector.

<http://culturaeturismo.xunta.es/>

## Bolsas de formación para as persoas tituladas en ciclos formativos de acuicultura



A Consellería do Mar convoca tres bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para perfeccionar o itinerario profesional das persoas titula-

das nos ciclos formativos de acuicultura e facilitar o tránsito con éxito ao mercado laboral.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/>



## Bolsas de formación en biblioteconomía



Convocatoria de 31 bolsas de formación especializada na área de documentación e biblioteconomía para profesionais bibliotecarios, mediante a colaboración titoriada

na xestión de fondos bibliográficos, na rede de Bibliotecas de Galicia.

<http://culturaeturismo.xunta.es/>

## Axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas



Axudas para o alumnado matriculado nos últimos cursos de ciclos formativos de grao medio o superior de formación profesional impartidos en centros dependen-

tes da Consellería do Mar para a realización de prácticas en centros de traballo.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/>

## Cursos de certificado de percebeiro/a, mariscador/a e mergullo profesional



Cursos para a obtención de certificados profesionais co fin de favorecer o acceso da xente nova ás profesións de mariscador/a a pé, percebeiro/a e mariscador/a

mergullador/a, realizados en entidades asociativas de produtores de base situadas no litoral galego.

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/>



## Cursos dirixidos a voluntarios e voluntarias do sistema de protección civil de Galicia



A Academia Galega de Seguridade Pública elabora os programas formativos e imparte os cursos de formación

dirixidos ás persoas voluntarias que queiran formar parte dos servizos de protección civil, facilitando así a incorporación de voluntariado a traballos relacionados coa xestión de riscos e emerxencias. Participan nestes cursos anualmente 1.500 persoas.

<http://agasp.xunta.es>

## Plan de formación para a mocidade en xeral



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado programa cursos de temas de actualidade no ámbito xuvenil para informadores e informadoras, técnicos e técnicas de xuventude e abertos á xente nova en xeral. Os cursos contan

conha participación de 280 mozos e mozas

<http://www.xuventude.net>

## PREMIOS

### Premios fin de carreira



Premios para recoñecer a excelencia académica do alumnado universitario do Sistema Universitario de Galicia.

No pasado ano a Secretaría Xeral de Universidades concedeu 54 premios.

<http://www.edu.xunta.es>

### Campionato galego de formación profesional Galicia Skills



Campionato constituído por doce competicións nas que participa o alumnado de formación profesional co obxectivo de

poñer en valor a calidade e o atractivo deste tipo de formación, potenciar a mellora da calidade da FP, motivar o alumnado e favorecer a relación entre os centros. Participan 28 centros educativos de formación profesional de Galicia nas especialidades de peiteado, deseño web, PC e soporte de rede, pintura de vehículos, reparación de carrocerías de vehículos, tecnoloxía do automóbil, cociña, tecnoloxía de moda, coidados de beleza, ebanistería, carpintaría e servizos de restaurante e bar.

<http://www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills>





galicia



XUNTA  
DE GALICIA